

## **SHAKESPEARE PARA IGNORANTES OBRA TEATRAL.**

Shakespeare para ignorantes non é máis que o título dunha conferencia que ofrece o propio autor Quico Cadaval aos valentes que se atreven a asistir ao teatro. Nela, iránsenos desentrañando os significados shakesperianos, con especial atención aos seus asasinatos. Para isto, Cadaval convidou colaborar á compañía de teatro clásico Mofa e Befá (Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira), para interpretar algúns fragmentos das obras shakesperianas, aplicados ao mundo do asasinato dende todas as súas vertentes. A representación, neste caso, ten lugar nun teatro de Ourense xa que varias veces se menciona este lugar ou se fan bromas relacionadas con ese espazo.

O primeiro que se desenvolve en escena é a conferencia dun prestixioso profesor. Presuntamente a conferencia pretende ser unha amena palestra para un público con coñecementos básicos da inmortal obra do bardo. O papel de Mofa e Befá consta de poñer en primeiro plano as escenas máis ignoradas polo público actual. As intimidades máis vergoñentas ou os actos máis deshonorados son mostrados da forma máis cómica por estes dous actores. Aparecen tanto en forma de asasinados, mendigos, bufóns, cornudos, torturadores... En resumo, todos os personaxes que nunca contan co primeiro plano teñen agora esta oportunidade.

En canto á dirección, Cadaval é un autor audaz e enxeñoso que busca un humor intelixente. É un profesional capaz de contar a cousa máis estrambótica e increíble cunha gran seriedade. Por outra parte, o dúo interpreta numerosos personaxes de calquera sexo ou condición social. Evaristo Calvo realiza o papel de necio, é dicir, o que non sabe e sabe que non sabe pero intenta ocultalo mentres que Víctor Mosqueira complementao á perfección coma o pallaso tonto facendo do ignorante que sabe que non sabe pero non lle importa que saia á luz.

A escenografía dista de ser complexa. De feito, o profesor fai alusión á sobriedade desta cando os dous actores a colocan. Consta simplemente dunha tela de cor vermella que realiza tanto función de barco coma de cama ou roupa. Como material adicional empregan unha espada ou un puñal feito de papel para realizar os diversos crimes. Ademais, contan coa axuda dunha perruca para o papel de Mariña nunha das escenas. Por outra banda, a mesa do profesor sempre está presente e a súa cadeira é empregada para simular un trono. O vestiario preséntase acorde co resto do decorado: sempre branco aínda que os actores son capaces de recrear á perfección os personaxes demandados.

En conclusión, é un espectáculo dunha hora e cincuenta minutos dos que quizás se podería recortar algunha parte das seccións centrais na que decae un pouco. O que está claro é que deixa moitos momentos cómicos absurdos e surrealistas chea, ademais, de retranscra galega. Con tan poucos elementos, o público pártese de risa xa sexa por necios ou por ignorantes pero ao final, o obxectivo é rir.

**Valoración:** 